

***DOSSIER***



**CLUB NATACIÓN  
FERROL**

**4**

***DENDE***  
**CLUB NATACIÓN FERROL**  
***1990***



## Introdución:

O deporte desempeña un papel fundamental na nosa sociedade. As súas repercusións, tanto no ámbito social e cultural como no terreo económico, estanse incrementando nos últimos anos, acreditando a importancia desta actividade. A práctica do deporte non solo incide na saúde, o grao de benestar e o nivel da calidade de vida das persoas, senón que tamén actúa como un importante factor de cohesión social ó favorecer a aprendizaxe de valores básicos como o da solidariedade e a deportividade, sempre parte esencial da educación e do proceso de formación das persoas, de ahí a importancia do apoio ao deporte.

O patrocinio deportivo a un club é unha emerxente estratexia de comunicación empresarial, e para aquelas empresas ou institucións que desexen rentabilizar as súas inversións, é unha das ferramentas máis valiosas para o deseño de calquera estratexia de marketing nos nosos días.

A través do patrocinio deportivo foméntase o encontro dos socios e deportistas cos patrocinadores favorecéndose deste xeito o desenvolvemento da cultura deportiva, converténdose o deportista en interlocutor entre a empresa e o gran público, o que asocia o éxito deportivo ao éxito empresarial. Un deportista gañador sempre venderá unha imaxe gañadora.



**#ORGULLOCNF**

# O NOSO CLUB:

- **NOME DO CLUB:** CLUB NATACIÓN FERROL
- **ANO DE NACEMENTO:** 1990
- **NÚMERO DE NADADORES DO CLUB:** 150
- **NÚMERO DE ALUMNOS DA ESCOLA:** 328
- **INSTALACIÓN ADESTRAMENTO:** PISCINA DO C.P. JAVIER GÓMEZ NOYA
- **SEDE:** C.P. JAVIER GÓMEZ NOYA 2º ANDAR
- **PLANTILLA:**

**1 DIRECTOR TÉCNICO:** JORGE JIMÉNEZ PÉREZ

**2 ADESTRADORES**

ÁLVARO FRAGA  
PATRICIA GARCÍA

**1 COORDINADORA DE ESCOLAS**

PATRICIA GARCÍA

**4 MONITORES:** OSCAR LÓPEZ

ANA MORENO  
MARÍA VENTUREIRA  
CAROLINA ANEIROS

**1 ADMINISTRATIVA**

- **EQUIPOS DE COMPETICIÓN:**

**EQUIPO FEMININO E MASCULINO EN TODALAS CATEGORÍAS**

**CATEGORÍA PROMESAS**

**CATEGORÍA BENXAMÍN**

**CATEGORÍA ALEVÍN**

**CATEGORÍA INFANTIL**

**CATEGORÍA JUNIOR**

**CATEGORÍA ABSOLUTA**

**CATEGORÍA MÁSTER**

- **XUNTA DIRECTIVA:**

PRESIDENTA: VICTORIA JIMÉNEZ PÉREZ

VICEPRESIDENTA: CRISTINA SOUTO DERUNGS

SECRETARIA: MARTA HERNÁNDEZ TENREIRO

TESOUREIRA: VANESA LÓPEZ REMESEIRO

VOGAL: PAULA PAZOS LOSADA



## OBXETIVOS DO CLUB:


A nosa finalidade é difundir e fomentar a práctica do deporte da natación dende idades tempranas, co fin de inculcar nos nenos e nenas o espírito deportivo e a solidariedade.

Ademáis dende o Club Natación Ferrol pensamos que a práctica dunha actividade deportiva, sobre todo na adolescencia, axuda a manter aos rapaces lonxe de hábitos nocivos, inculca disciplina, e entusiasmo para cumprir os seus obxectivos e terán non solo un corpo san, senón unha mente sana.

Por outra banda, temos como obxectivo aumentar o número de socios do noso club, para o cal nos nutrimos das escolas deportivas, xa que é precisamente de aí de onde obtemos a nosa principal canteira de futuros nadadores. Nas escolas deportivas temos actualmente arredor de 300 alumnos (Bebés, nenos e nenas de 4 a 14 anos, persoas con discapacidade).








En canto a os **méritos propios da actividade** que realizamos, os obxectivos que nos marcamos son os seguintes:

- Participar nas Competicións organizadas pola Federación Galega de Natación, así como nos distintos Trofeos da nosa Comunidade, sendo os Campionatos de España e galegos unha das metas individuais máis importantes dos nosos nadadores/as.
- Manter a División de honra da Liga Galega de Clubs absoluta.
- Conseguir os mellores resultados nos distintos Campionatos galegos de cada categoría, así como nas ligas galegas de idades.
- Participar co maior número de nadadores/as posibles nos distintos Campionatos de España cada tempada.
- Participar nun número elevado de trofeos celebrados dentro e fóra da comunidade.
- Formar parte das seleccións galegas co maior número de nadadores posibles.
- Participar no GES (Grupo Especial de Seguimento) organizado pola FEGAN.
- Formar os nosos nadadores para intentar poder participar nas Ligas de clubs a nivel Nacional.
- Educar, fomentar e inculcar a práctica do deporte da natación nos nosos deportistas, primando a deportividade a cooperación e a convivencia entre os nadadores de toda a comunidade deportiva.





# MEMORIA DEPORTIVA

Ao longo dos máis de 30 anos de existencia do CNF, os éxitos deportivos así como os deportistas que se formaron neste club con resultados destacados son notables e moi relevantes. Destacar ao triatleta catro veces campión de Europa e cinco veces campión do mundo, prata nas olimpíadas de Londres 2012 **Javier Gómez Noya**, premio princesa de Asturias dos deportes 2016, recibiu a Medaia de Prata da Real Orden do Mérito Deportivo no 2008, imaxe de marcas como Mitsubishi Motors entre outras.

Outro dos deportistas que se formou co noso equipo técnico, **Marcos García Soto**, nadador emblemático a nivel autonómico que foi internacional con España nos xogos do mediterráneo de 2018 en Tarragona, subcampión de España de natación, gañador tamén da Carabela de prata por ser o mellor deportista da cidade de Ferrol e 64 récords galegos de natación en diferentes probas.







FELICITACIÓN DA FEGAN POR ACADAR NA TEMPADA 2018/19 O TÍTULO DE CAMPION DAS LIGAS GALEGAS NAS TRES CATEGORÍAS DE BASE

### GALARDOADO COMA MELLOR CLUB DE BASE DO ANO 2021 NA GALA DO DEPORTE DO CONCELLO DE FERROL

GALARDOADOS OS DEPORTISTAS DANIEL SEIJO ( MELLOR PROMESA ANO 2020), SERGIO LOSADA (MELLOR DEPORTISTA MASCULINO ANOS 2020 E 2021), EVA PARDO (MELLOR DEPORTISTA FEMENINA 2020) E XIANA RUÍZ (MELLOR DEPORTISTA FEMENINA ANO 2021)



NA EDICIÓN DO 2023 NOVOS GALARDOADOS, COMO LUCÍA VILLARNOVO (MELLOR DEPORTISTA FEMENINA), NICOLÁS RAMOS (MELLOR DEPORTISTA MASCULINO) OU SERGI NAVARRO (MELLOR DEPORTISTA PROMESA)





## CATEGORÍA PREBENXAMÍN

OS MÁIS PEQUENOS DO CLUB E O NOSO FUTURO, COIDÁMOLOS COMA RELIQUIAS DÁNDOLLES A MELLOR FORMACIÓN A NOSO ALCANCE, PRIMANDO SEMPRE QUE OS DEPORTISTAS APRENDAN A DISCIPLINA SOBRE A COMPETICIÓN, COIDANDO A SÚA CONTINUIDADE POIS SON O MÁIS IMPORTANTE QUE TEMOS XA QUE EN ADIANTE REPRESENTARÁN Ó CLUB A CIDADE E O CONCELLO.

RECENTEMENTE ESTA TEMPADA ACADARON UN QUINTO POSTO NA LIGA GALEGA E TERCEIRO NA COPA GALEGA PREBENXAMÍN



## CATEGORÍA BENXAMÍN



OS NADADORES DESTA CATEGORÍA POUCO SE DIFERENZAN DOS DA CATEGORÍA PROMESAS NO QUE REPRESENTAN PARA O CLUB EN CANTO A SÚA FORMACIÓN E AO COIDADO DEPORTIVO, POIS POLAS IDADES QUE ABARCAN ESTAS CATEGORÍAS A DEDICACIÓN O APRENDIZAXE DA NATACIÓN E O DA COMPETICIÓN SON BÁSICOS E PRIMORDIAIS. CABE RESALTAR NESTAS CATEGORÍAS A LABOR DE EQUIPO, QUE E O QUE SE BUSCA INCULCAR NAS COMPETICIÓN QUE DISPUTAN, EVITANDO AS INDIVIDUALIDADES EN DEPORTISTAS TAN XÓVENES.

RESULTADOS DESTACADOS DESTA CATEGORÍA NESTA TEMPADA FORON O TERCEIRO POSTO NA LIGA GALEGA E O SEXTO POSTO NA COPA GALEGA BENXAMÍN.



## CATEGORÍA ALEVÍN


OS ALEVÍNS XA ENTRAN NUNHA CATEGORÍA QUE REQUIERE TER ACADADOS UNS COÑECEMENTOS DA DISCIPLINA NECESARIOS PARA DESPUTAR ADEMAÍS DA LIGA, CAMPIONATOS A NIVEL AUTONÓMICO OU ESTATAL, E POLO TANTO ACADAR UNHAS MARCAS MÍNIMAS DE PARTICIPACIÓN.

ESTE FEITO MOTIVA QUE COMECEN A DESTACAR XA OS DEPORTISTAS A NIVEL INDIVIDUAL, MÁIS SIGUE PRESENTE A CLASIFICACIÓN CONXUNTA COMA EQUIPO.

AINDA QUE A NOSA FILOSOFÍA E A DA FORMACIÓN CONTINUA E XAMÁIS DEIXAMOS DE COIDAR E FORMAR AOS DEPORTISTAS POLA CORTA IDADE DESTES, SI QUE NESTA ETAPA COMEZA A INCULCARSE O ESPIRITO DA COMPETICIÓN PROPIA DO DEPORTE DE CERTO NIVEL, SEN ESTE ESPIRITO NON HABERÍA ESE GRAO DE AMBICIÓN, TAN NECESARIO PARA BUSCAR A MELLORA E O CRECEMENTO DEPORTIVO.




NADADORES DESTACADOS DESTA CATEGORÍA SON **AROA JIMÉNEZ** MEDALLISTA DE BRONCE NA PROBA DE 200 BOLBORETA NO CAMPIONATO DE ESPAÑA DE VERÁN CELEBRADO NO CENTRO M-86 DE MADRID JULIO 2023 OU **ALICIA JOVE E DIEGO TROITIÑO** CONVOCADOS COA SELECCIÓN GALEGA PARA DESPUTAR O CAMPIONATO DE ESPAÑA DE CCAA





# CATEGORÍA INFANTIL



SEGUNDO AVANZA A IDADE DOS DEPORTISTAS AVANZA A ESIXENZA NOS OBXETIVOS, NOS REQUISITOS PARA ACCEDER AOS CAMPIONATOS, NO COÑECEMENTO DA DISCIPLINA E NA RESOLUCIÓN DA TÉCNICA DEPORTIVA, AINDA ASÍ TEMOS UNS GRANDES RESULTADOS POIS NESTA CATEGORÍA CONSEGUENSE FORMAR UN GRUPO DE NADADORES DE MOITO NIVEL ACADANDO ESTA PASADA TEMPADA SER **CAMPIÓN DE LIGA, CAMPIÓN GALEGOS DE INVERNO** ( 19-21 FEBREIRO, PISCINA ROSARIO DUEÑAS, OURENSE) E TAMÉN SUBCAMPIÓN GALEGOS DE VERÁN (9-10 XULLO PISCINA MUNICIPAL DE CERVO, LUGO), ADEMÁIS **CAMPIÓN DA CATEGORÍA MASCULINA NOS DITOS CAMPIONATOS**. EN AMBOS CAMPIONATOS CONSEGUENSE NUMEROSOS PODIUMS, TANTO INDIVIDUALMENTE COMA POR PARTE DOS EQUIPOS DE REMUDAS.

EN CANTO AOS CAMPIONATOS DE ESPAÑA CABE DESTACAR O **6º POSTO** ACADADO NO **CAMPIONATO DE INVERNO** (10-13 MARZO, COMPLEJO DEPORTIVO CIUDAD DE CÁDIZ, CÁDIZ), E O **5º POSTO** NO **CAMPIONATO DE VERÁN** (28-30 XULLO, COMPLEJO RECREATIVO DEPORTIVO LAS NORIAS, LOGROÑO). POSTOS AMBOS MOI MERITORIOS POLA DIFICULTADE QUE CONLEVA COMPETIR CONTRA ENTIDADES DE GRANDES MEDIOS E INFRAESTRUCTURAS COMA PODEN SER CANOE, SABADELL, SANTA OLAYA, ETC.. E UN TOTAL DE 125 CLUBS DE TODA ESPAÑA.

A NIVEL INDIVIDUAL DESTACAR NESTA CATEGORÍA AO NADADOR SERGI NAVARRO QUE AO LONGO DA TEMPADA CONSEGUÍU BATER A MELLOR MARCA GALEGA DA SÚA IDADE NAS PROBAS DE 100 E 200 COSTAS EN TODOLOS CAMPIONATOS QUE PARTICIPOU, ASÍ COMA SUBIRSE O PODIUM NOS CAMPIONATOS DE ESPAÑA DE VERÁN NO 2022 ACADANDO SER SUBCAMPIÓN DE ESPAÑA NA PROBA 200 COSTAS E MEDALLA DE BRONCE NOS 100 COSTAS.







## SERGI NAVARRO

NO CAMPIONATO DE ESPAÑA DE INVIERNO **SERGI NAVARRO** ACADA O 1º POSTO NAS PROBAS DE 100 E 200 COSTAS PROCLAMÁNDOSE CAMPIÓN DE ESPAÑA INFANTIL, BATE AS MELLORES MARCAS GALEGAS DE 16 ANOS NESAS PROBAS E TAMÉN ACADA A MARCA MÍNIMA DE PARTICIPACIÓN PARA OS XOGOS FOJE (EUROPEO INFANTIL) EN MARIBOR, ESLOVENIA, SENDO CONVOCADO COA SELECCIÓN ESPAÑOLA PARA ACUDIR AO CAMPIONATO.



IMAXES DE SERGI EN MARIBOR



## CATEGORÍA JUNIOR E ABSOLUTA



NOSO CAPITÁN ANTÓN DOPICO



CAPITANES ANTON DOPICO E NEREA LOPEZ

A CATEGORÍA JUNIOR ÚNESE A CATEGORÍA ABSOLUTA POIS AINDA QUE OS NADADORES NON TEÑEN A MESMA IDADE SI COMPITEN SEMPRE XUNTOS EN TODAS AS COMPETICIÓN DE LIGA, TROFEOS MÁIS ALGÚNS CAMPIONATOS GALEGOS E NACIONAIS.

A ESIXENCIA DEPORTIVA É A MÁXIMA POIS AS MARCAS DE CLASIFICACIÓN DOS CAMPIONATOS SUBEN MOITO O NIVEL E SOBRE TODO NO QUE RESPECTA AO CAMPIONATO NACIONAL. ISTO PROVOCA QUE A PARTICIPACIÓN DOS NADADORES NESTES CAMPIONATOS SEXA BASTANTE MÁIS REDUCIDA QUE NOUTRAS CATEGORÍAS.

SEN EMBARGO OS NOSOS NON DEFRAUDAN E O EQUIPO É UN GRUPO MOI COHESIONADO QUE NA TEMPADA 21/22 CONSEGUÍU **GAÑAR A LIGA GALEGA NA 1ª DIVISIÓN E CO TRIUNFO ACADA O ASCENSO A DIVISIÓN DE HONRA** E COMO REMATE DE TEMPADA NO CAMPIONATO GALEGO DE VERÁN ACADARON O **TERCEIRO POSTO AUTONÓMICO**.

NA TEMPADA 22/23 O EQUIPO ABSOLUTO REFRENDA A PERMANENCIA NA DIVISIÓN DE HONRA GALEGA, O QUE CONFIRMA O NIVEL DESTE GRUPO COMA EQUIPO REFERENTE GALEGO.

A NIVEL INDIVIDUAL DESTACAR AOS NADADORES JUNIOR **LUCÍA VILLARNOVO, MARIO MANEIROS** E OS ABSOLUTOS **SERGIO LOSADA, DANIEL SEIJO, EVA PARDO** QUE PARTICIPAN TANTO A NIVEL GALEGO COMA NACIONAL



O CNF ACADA A PERMANENCIA NA DIVISIÓN DE HONRA GALEGA



# CATEGORÍA MÁSTER

A CATEGORÍA MÁSTER REPRESENTA PARA CALQUERA CLUB UN ORGUIO E UN RECOÑECIMENTO AO TRABALLO DIARIO E BEN FEITO XA QUE O MANTER OS NADADORES EN ACTIVO DESPÓS DE CERTA IDADE NON É TAREA NADA SINXELA.

O CNF PODE DICIR QUE CONSEGUE DITA TAREA E CON ISO DA UNHA CONTINUIDADE DE ACTIVIDADE FÍSICA E PAIXÓN POLO DEPORTE DA NATACIÓN QUE NON MOITOS DEPORTES PODEN CONSEGUIR POIS A NATACIÓN É O ÚNICO DEPORTE QUE PODE REALIZARSE DE POR VIDA.

O NOSO EQUIPO MÁSTER ESTÁ A MEDRAR CADA TEMPADA E OS RESULTADOS DEPORTIVOS DAN BOA CONTA XA QUE NA LIGA GALEGA CLASIFICÁRONSE NO 2º POSTO NA CLASIFICACIÓN FEMENINA, 10 POSTO NA MASCULINA E NUN FANTÁSTICO 5º POSTO NA CLASIFICACIÓN TOTAL. ADEMÁIS DE BATER NUMEROSOS RÉCORDS GALEGOS O LONGO DE TODA A TEMPADA ACADADOS POLAS NADADORAS CLAUDIA VILLAR, NEREA LÓPEZ, CLARA LÓPEZ, PATRICIA GARCÍA, VANESA LÓPEZ REMESEIRO E SABELA DÍAZ OU NAS REMUDAS 4 X 100 ESTILOS, 4 X 50 ESTILOS, 4 X 50 LIBRES FEMENINAS +120,



## OUTRAS PARTICIPACIÓNS DE INTERÉS

TEMOS O HONOR DE QUE UN BO GRUPO DOS NOSOS NADADORES SEXAN SELECCIONADOS POLA FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN PARA SER INTEGRANTES DA SELECCIÓN GALEGA E REPRESENTAR A NOSA COMUNIDADE EN CAMPIONATOS NACIONAIS TANTO EN CATEGORÍA ALEVÍN COMA EN CATEGORÍA INFANTIL E JUNIOR.

ESTES NADADORES SON:

- SERGIO LOSADA (JUNIOR)
- DANIEL SEIJO (JUNIOR)
- JULIO PEDRE ( JUNIOR)
- MARIO MANEIROS (INFANTIL)
- NICOLÁS RAMOS (INFANTIL)
- XIANA RUÍZ (INFANTIL)
- LUCÍA VILLARNOVO (INFANTIL)
- MARIO PAZ (ALEVIN)
- TADEO TABEIRA (INFANTIL)
- ANGE HERNÁNDEZ (INFANTIL)
- RUBÉN DÍAZ (ALEVÍN)
- SERGI NAVARRO (INFANTIL)
- ALBA PÉREZ (ALEVÍN)
- ALICIA JOVE (ALEVIN)
- DIEGO TROITIÑO (ALEVIN)

TAMÉN TEMOS QUE CITAR AOS TÉCNICOS DO CLUB POIS IGUALMENTE QUE OS NADADORES, TEÑEN ESTADO CONVOCADOS POLA FEGAN PARA SER MEMBROS DA SELECCIÓN GALEGA.

- JORGE JIMÉNEZ
- ÁLVARO FRAGA





ASÍ MESMO TEMOS NADADORES QUE SON SELECCIONADOS POLA FEGAN PARA O **GRUPO ESPECIAL DE SEGUIMIENTO** (GES) NO CENTRO DE TECNIFICACIÓN DEPORTIVA DE PONTEVEDRA E UN NADADOR BECADO (SERGI NAVARRO LOSADA) EN DITO CENTRO POLOS RESULTADOS DEPORTIVOS OBTIDOS AO LONGO DA SÚA CARREIRA DEPORTIVA.